

Informe Cuadrimestral nº 55 (setembro-decembro de 2022)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de setembro a decembro de 2022 relacionados coa ETSE. Durante este período celebráronse dúas Xuntas de Escola ordinarias os días 6 de outubro e 24 de novembro, e unha extraordinaria o 22 de decembro.

Persoal

1 de setembro. Contrato como Profesor Interino de Substitución de Fernando Estévez Casado da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial.

1 de setembro. Contrato como Profesor Interino de Substitución de Nicolás Vila Blanco da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial. Cese 14 de setembro.

1 de setembro. Contrato como Profesor Axudante Doutor da área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores de Jorge Alberto Suárez Garea.

1 de setembro. Contrato como Profexor Axudante Doutor da área de coñecemento de Linguaxe e Sistemas Informáticos de Sebastián Villarroya Fernández.

1 de setembro. Contrato como Profesor Axudante Doutor da área de coñecemento de Linguaxe e Sistemas Informáticos de Marcos Boullón Magan.

1 de setembro. Contrato como Profesor Axudante Doutor da área de coñecemento de Enxeñaría Química de Daniel Franco Ruíz.

15 de setembro. No marco do World Water Congress, celebrado en Copenhague, o profesor emérito da USC, Juan Lema, foi nomeado 'Distinguished Fellow' da International Water Association (IWA), un recoñecemento honorífico pola "súa extraordinaria contribución nos aspectos de investigación e liderado no sector global da auga".

6 de outubro. Nomeamento como coordinador de segundo curso do Grao en Enxeñaría Química de Daniel Franco Ruíz.

24 de outubro. Contratación de Antonio Lorenzo Barral como Auxiliar de Servizos en quenda de tarde para cubrir a baixa por enfermidade de Jesús Sánchez Lojo.

25 de outubro. Cese de David Alfonso Ruano Ordás, profesor axudante doutor da área de coñecemento de linguaxes e sistemas informáticos.

10 de novembro. Francisco Javier García Polo cesa como Axudante doutor e asina contrato como Contratado Doutor da área de Ciencias da computación e intelixencia artificial.

15 de novembro. Contrato como interino por vacante T3 da área de Linguaxes e sistemas

informáticos de Roi Santos Mateo.

17 de novembro. Cese como técnico de investigación do departamento de Enxeñaría Química de Miguel Ángel Ferreira Casal e incorporación de Ovidio Álvarez Penín.

5 de decembro. Sara González García, tomou posesión da praza de Profesora Titular de Universidade da área de Enxeñaría Química.

13 de decembro. Mercedes Varela Señarís cesa na actual comisión de servizos que tiña concedida como Responsable de Asuntos Económicos da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

15 de decembro. Nicolás Vila Blanco asinou un contrato como profesor axudante doutor, adscrito á área de coñecemento de ciencia da computación e intelixencia artificial.

28 de decembro. José María Alonso Moral tomou posesión da praza de Profesor Titular de Universidade da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial.

28 de decembro. Fernando Estévez Casado asinou un contrato como profesor interino de substitución a tempo completo, da área de coñecemento de ciencia da computación e intelixencia artificial.

Asuntos académicos

6 de setembro. Acto de benvida para os estudantes de novo ingreso das titulacións de Grao en Enxeñaría Química e Enxeñaría Informática.

7 de setembro. Acto de benvida para os estudantes de novo ingreso da titulación de Grao en Intelixencia Artificial.

6 de setembro. Defensa de TFM do Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos.

9 de setembro. Defensa de TFM do Máster de Computación de Altas Prestacións.

8 e 12 de setembro. Defensa de TFM do Máster en Enxeñaría Ambiental.

13 de setembro. Defensa de TFM do Máster en Visión por Computador.

13 e 14 de setembro. Defensa de TFM do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data

15 de setembro. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Química.

15 e 16 de setembro. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Informática.

6 de outubro. Presentación a Aula Profesional a cargo de David Losada Carril.

24 de outubro. Publicación da convocatoria de asignación de propostas de TFG para o Grao en Enxeñaría Informática, curso 2022-23.

28 de outubro. Premios á Calidade Lingüística da USC do curso 2021-22 na área de Enxeñaría e Arquitectura:

-Premio a TFG: Análise de técnica de aprendizaxe automática con secuencias xenéticas do microbioma humano para diagnóstico clínico de Nuria González Fernández do Grao en Enxeñaría Informática.

-Mención a TFG: Ferramenta de clasificación da vexetación semiautomática a través de LiDAR, de Andrea Blanco Pérez do Grao en Enxeñaría Informática

-Premio a TFM: Recuperación de ácidos graxos de pasta de refino de aceite de xirasol mediante desdoblamento de Ricardo Pazos do Muíño do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

17 de novembro. Presentación das prácticas en empresa a cargo do coordinador xeral Óscar Rodríguez Figueiras, do coordinador para o Grao en Enxeñaría Informática Eduardo Sánchez Vila e da coordinadora para o Grao en Enxeñaría Química Almudena Hospido Quintana.

25 de novembro. 2ª Edición do Foro de empresas EQ-ETSE.

25 de novembro. Convocatoria de prácticas en empresa para o segundo cuatrimestre para o estudantado do Grao en Enxeñaría Química.

2 de decembro. Convocatoria de prácticas en empresa para o segundo cuatrimestre para o estudantado de Grao en Enxeñaría Informática.

13 de decembro. XV Foro de Empresas para Enxeñaría Informática (FEI'2022).

14 de decembro. Charla informativa sobre o programa Erasmus 2023-24 a cargo do Responsable Académico de Mobilidade, David Losada Carril.

16 de decembro. Presentación e defensa da tese de doutoramento de D. Carlos Alberto Pena Puga, titulada: *Liquid systems for the valorisation of lignocellulosic biopolymers*, dirixida por D. Héctor Rodríguez Martínez e Dona Eva Rodil Rodríguez.

21 de decembro. Presentación e defensa da tese de doutoramento de D. Mauro Gisbert Verdú, titulada: *Ultrasound-assisted extraction of biopolymers from *Ascophyllum nodosum* brown seaweeds: Bioactivity and enzyme inhibition of phlorotannins assessment*, dirixida por D. Ramón Felipe Moreira Martínez e D. Jorge Sineiro Torres.

Actividades

13 e 15 de setembro. formación do persoal da ETSE no Plan de Autoprotección, nomeadamente a actuación en caso de evacuación e/ou emerxencias.

30 de setembro. Persoal de AENOR visita a Escola para realizar a auditoría do sistema de xestión de Seguridade e Saúde na ETSE (norma ISO 45001).

20 de outubro. Campaña de doazón de sangue.

21 de outubro. Celebración da reunión co comité externo de Enxeñaría Química.

4 de novembro. Presentación pola profesora Isabel Vidal Tato do concurso da Society of Women Engineers, dirixido a tódalas estudantes de enxeñaría do Centro.

10 de novembro. Celébrase a xornada “FOOD UPCYCLING. Innovando a partir de subprodutos e desperdicio alimentario” organizada polo Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga).

24 de novembro. “Liderazgo y softwskills: Conversations in the evening”. Organizado por ISA-USC e a profesora Isabel Vidal Tato.

15 de decembro. Acto de celebración do XX Aniversario da ETSE:

-Apertura do acto a cargo de D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

-Intervención do Prof. D. Juan Manuel Lema Rodicio, Director da ETSE 2004-2012.

-Intervención do Prof. D. Antonio Mosquera González, Director da ETSE 2012-2020.

-Intervención da Prof. Dona Julia González Álvarez, Directora da ETSE.

-Intervención de D. Andrés García-Rodeja, Responsable de Análise e Goberno de Información en INDITEX.

-Intervención de Dona Cristal Paz Bonilla, Responsable de Mellora Continua en Grupo Nueva Pescanova

-Intervención do Prof. D. Senén Barro Ameneiro, Reitor da USC 2002- 2010.

-Intervención do Prof. D. Juan José Casares Long, Reitor da USC 2010-2014.

-Clausura do Acto a cargo de D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Aula Profesional

22 e 23 de novembro. Obradoiro de Formación en Xestión do Tempo. Impartido por José Ortuña Vilurbina e organizado por Anuska Mosquera Corral do Departamento de Enxeñaría Química.

20 de outubro. Seminario de Investigación. Perspectiva de gobernanza de residuos. Impartido por Celia Dias-Ferreira, Universidade de Alberta (Portugal) e organizado polo BioGroup.

27 de outubro e 3 de novembro. Talleres de Virtualización, SDDC & Cloud y Kubernetes. Poñentes: Jessica Navas, Mariel Formoso, Luis Fernández-Checa, Pablo Galego (Vmware). Organizado por Juan C. Pichel Campos do Departamento de Electrónica e Computación.

27 de outubro. Xornada de empregabilidade en Enxeñaría Ambiental. Organizada por Francisco Omil Prieto do Departamento de Enxeñaría Química.

10, 17 e 24 de novembro e 1 e 15 de decembro. Obradoiro de Presentacións Oraís. Impartido polo profesor Juan M. Lema Rodicio do departamento de Enxeñaría Química.

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

INFONOVA INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN, S.L. P	Tódalas titulacións da USC
SALORO	Máster en Enxeñaría Ambiental
SISTEMAS AUDIOVISUALES ITELSIS	Grao e máster da área de Enxeñaría Informática
REPSOL	Tódalas titulacións da USC
HERRERO Y ASOCIADOS S.L.	Tódalas titulacións da USC
GENERATIVE INTELLIGENCE	Grao e máster da área de Enxeñaría Informática
IGM WEB (GRUPO HOTUSA)	Grao e máster da área de Enxeñaría Informática
NANOGAP	Grao e máster da área de Enxeñaría Química
SHOWA DENKO CARBON SPAIN	Grao e máster da área de Enxeñaría Química
SUEZ SMART ENVIRONMENTAL SOLUTIONS	Tódalas titulacións da ETSE

Visitas a empresas

5 de outubro. Visita á mina de Touro do alumnado da materia Avaliación de Impacto Ambiental do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Xosé Lois Otero.

6 de outubro. Visita a Bioetanol Galicia (Teixeiro) do alumnado das materias Biocatálise, Bioenxeñaría e Bioprocesos do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, cos profesores Trinidad de Miguel, Cristina Díaz e Juan M. Lema.

11 de outubro. Visitar aos ríos Sar/Sarela (Padrón) do alumnado da materia Calidade de Augas do Máster en Enxeñaría Ambiental coa profesora Sarah Fiol López.

14 de outubro. Visita ás Fragas do Eume do alumnado da materia Planificación de Sistemas Naturais do Máster en Enxeñaría Ambiental, co profesor Alberto Rojo Alboreca.

18 de outubro. Visita á Casa das Insuas (Rábade) do alumnado da materia Planificación de Sistemas Naturais do Máster en Enxeñaría Ambiental, co profesor Alberto Rojo Alboreca.

13 e 20 de outubro. Visita a Foresa do alumnado da materia Fundamentos de Procesos Químicos do Grao en Enxeñaría Química co profesor Enrique Roca Bordello.

9 de novembro. Visita ao entorno de Santiago do alumnado da materia Solos e Medioambiente do Máster en Enxeñaría Ambiental cos profesores Eduardo García-Rodeja e Carmen Monterroso.

17 de novembro. Visita a Tejas Vereas e Bioetanol Galicia do alumnado das materias Transferencia de Materia, Enxeñaría Bioquímica, Fundamentos de Máquinas e Resistencia de Materiais, Ciencia de Materiais e Sistemas de Producción Industrial, cos profesores Ángeles Val, Héctor Rodríguez e Pastora Bello.

18 de novembro. Visita a Sotavento do alumnado da materia Enerxética Industrial do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos cos profesores José Antonio Souto e Juan J. Casares.

21 de novembro. Visita a EDAR de Placeres (Pontevedra) do alumnado da materia Proxectos de Enxeñaría Ambiental do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Mario Valladares López.

24 de novembro. Visita a Repsol do alumnado das materias Deseño Conceptual de Procesos, Enerxética Industrial e Análise e xestión de riscos industriais, do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos cos profesores Eva Rodil e Héctor Rodríguez.

24 de novembro. Visita ao Citius polo alumnado do Grao en Intelixencia Artificial co profesor Alberto Bugarín Diz.

29 de novembro. Visita ao Centro de Inteligencia de Negocio de DXC Technology do alumnado do Grao en Intelixencia Artificial co profesor Alberto Bugarín Diz.

1 de decembro. Visita do alumnado da materia do Grao en Enxeñaría Informática, “Enxeñaría de Computadores”, ao CPD do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) co profesor Juan Carlos Pichel Campos.

Outros

25 de setembro. O Goberno galego concedeu a mención de Excelencia ao Máster en Computación de Altas Prestacións.

1 de outubro. O proxecto “University of Santiago de Compostela Student Section, twelve years with ISA, a project of Academic Excellence” desenvolto na Sección de Estudiantes de ISA co asesoramento da profesora Isabel Vidal Tato, foi seleccionado para presentar a ISA EMEA District Leaders Conference.

3 de novembro. A Escola Técnica Superior de Enxeñaría foi un dos oito centros seleccionados pola Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno dentro da Convocatoria para o recoñecemento da innovación docente nos centros da USC (2022).